

COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA E ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **21 de novembro de 2018**

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. Jorge Pumar Tesouro DEPUTADOS/AS: D. Plácido Álvarez Dobaño D. ^a Consuelo Vispo Seara D. Antonio Montero Fernández D. Miguel A. Cid Álvarez D. ^a María Teresa Cerdeira Valiñas D. ^a Isabel Gil Álvarez D. José Ignacio Gómez Pérez D. Adolfo González Nóvoa D. Armando Ojea Bouzo D. Ramiro Rodríguez Suárez SECRETARIO: D. Francisco Cacharro Gosende INTERVENTORA ACCTAL: D. ^a Begoña Álvarez Matos	No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o 21 de novembro de 2018 , ás 17.00 horas, baixo a presidencia de don Jorge Pumar Tesouro, e coa asistencia dos señores/as á marxe relacionados, réunese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes acordos:
--	--

1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 17 DE OUTUBRO DE 2018.-

En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 17 de outubro de 2018, non se formulan observacións quedando aprobada por unanimidade.

2º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE O ESPOLIO ENERXÉTICO.-

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, expón o contido da moción.

Non se producen intervencións, e co voto favorable do BNG (1) e a abstención do Grupo Popular (6), do Grupo Socialista (3) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

- Instarlle á Xunta de Galicia a demandar do goberno central:
 - 1.- A inmediata redución do Imposto do Valor Engadido sobre a electricidade do 21% ao 4%.
 - 2.- Que exclúa a Galicia da Orde definitiva para a tramitación respecto dos suplementos territoriais para o exercicio 2013, por atentar contra as competencias galegas en materia de tributación ambiental e por ser contrarias para os intereses do tecido social e económico galego, correspondéndolle ao goberno do Estado asumir os custos que poida ocasionar a aplicación das sentenzas.
 - 3.- Modificar a Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, de forma que se permita a regulación dunha tarifa eléctrica galega que Galicia poida beneficiarse, pola súa condición de nación produtora de enerxía eléctrica, de peaxes máis baixas que permitan un abaratamento para os consumos domésticos e empresariais en compensación por soportar os custos sociais e medioambientais das instalacións de produción.

3º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentaron.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Adolfo González Nóvoa, do Grupo Socialista, solicita que se facilite ao seu grupo a lista das persoas ás que se lles subvencionou a recente viaxe oficial da Deputación Provincial a Uruguai e Arxentina, para a entrega do premio Ourensanía.

En segundo lugar formula un rogo para que na comisión de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente de mañá, para o tratamento do punto terceiro da orde do día, que é o convenio con Red.es, asista o director da Área de Transparencia para explicar o dito proxecto.

O **presidente da comisión** responde que non hai ningún inconveniente en aceptar este rogo, e que, agás que haxa algún impedimento de axenda, comunicaráselle ao director da área para que compareza.

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, pide que se lle facilite ao seu grupo copia da información que acaba de solicitar o deputado do Grupo Socialista en relación coa viaxe de referencia.

E, ás 17.05 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan o presidente e o secretario. Certifico.